

Protocolo de
Acesso e Uso da
Biblioteca Escolar

CPI de Atios

Curso 2020-21

Índice:

1. Introducción

2. Normativa

3. Protocolo de acceso e uso da biblioteca escolar

3.1. Acceso á biblioteca.

3.2. Uso da biblioteca.

Anexo I (resumo das normas en cartel)

Anexo II (quendas do alumnado de Primaria)

Anexo III (quendas do alumnado de Secundaria)

1. Introducción:

A situación xerada pola pandemia producida pola Covid-19 obriga a establecer un protocolo con normas de acceso e uso da Biblioteca Escolar que garanta tanto o cumprimento das funcións propias da biblioteca escolar coma a seguridade de todos os seus usuarios. Este protocolo, revisado e aprobado pola dirección do centro educativo, da forma e concreta as instrucións emitidas polas Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional, e de Sanidade que se citan no seguinte apartado.

2. Normativa:

- Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan á Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo *Consejo interterritorial do sistema nacional de salud pública* (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

- ORDE do 28 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e se dispón a publicación da Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21.

- Instrucións de 1 de setembro de 2020, da Dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2020/2021, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de educación, universidade e formación profesional.

3. Protocolo de acceso e uso da biblioteca escolar.

3.1. Acceso á biblioteca:

1. O acceso á biblioteca queda limitado exclusivamente aos seguintes membros da comunidade educativa que compoñen o noso centro: **alumnado matriculado** no actual curso 2020-21, **profesorado e persoal non docente** que presten os seus servizos **no presente curso**.

2. A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu **aforo**. No CPI de Atios, o aforo máximo permitido está calculado para **25 persoas**.

Tal e como recolle a normativa, excepcionalmente, o equipo directivo poderá ampliar o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

3. Á entrada, no lado esquerdo da porta, a unha altura axeitada para o rango de idade que abrangue o noso centro educativo, está instalado un dispensador de xel hidroalcohólico. Toda persoa que acceda ao interior da biblioteca ten a **obriga de hixienizar as súas mans** seguindo o método que figura na cartelería dos corredores.

4. Como medida para evitar aglomeracións á entrada da biblioteca, os alumnos agardarán o seu turno para desinfectar as mans e entrar **en fila gardando 1'5 metros** de distancia de seguridade entre cada un no lado esquerdo do corredor, paralelos á parede da biblioteca.

5. Recreos:

- Primaria: dado que a meirande parte do **alumnado de Primaria** non é autónomo para acudir á biblioteca e posto que queda establecido un tempo no horario lectivo de estancia na mesma baixo a supervisión do seu titor/a, este alumnado **non terá acceso á biblioteca durante o tempo dos seus recreos**.

- Secundaria: tal e como indican as Instrucións de 1 de setembro de 2020, **os alumnos de Secundaria si poden acudir á Biblioteca no seu tempo de lecer segundo as quendas** que se explican no punto seguinte. Para facilitar o labor dos profesores de garda de recreo na biblioteca, existe na mesa do profesor un xogo de orlas dos alumnos da ESO por grupos indicando o día da semana e recreo que corresponde por grupo.

6. Para evitar que alumnos de diferentes grupos se misturen na biblioteca, quedan establecidas **quendas de uso** da biblioteca tanto para o alumnado de Primaria durante as horas lectivas, coma para o de Secundaria durante as horas lectivas e os recreos. As quendas do alumnado de Primaria figuran no **Anexo II**; as do alumnado de Secundaria figuran no **Anexo III**, e os grupos foron distribuídos ao longo da semana en función do número de alumnos que compón cada grupo.

7. Establécese o acceso á biblioteca mediante **petición previa** nos seguintes casos: calquera profesor que desexe acudir co seu grupo de alumnos fóra do horario establecido nas quendas (anexos II e III) e membros do persoal non docente. A petición de cita previa poderá dirixirse a calquera dos membros do equipo de biblioteca.

8. Ao igual que rexe para todo o centro educativo, **o uso da máscara é obrigatorio** para acceder e permanecer dentro da biblioteca.

9. O alumnado de calquera nivel de Secundaria que queira ir á biblioteca durante o recreo, deberá facelo acompañado polo/a profesor/a de garda de corredor.

3.2. Uso da biblioteca:

1. **O equipo de biblioteca sinalizou as mesas e outros postos de traballo que poden ser utilizados** de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Non está permitido empregar as cadeiras sinaladas como fóra de uso para sentarse nin para depositar obxectos persoais.

2. Ao finalizar o seu tempo na biblioteca, **cada alumno debe desinfectar o posto** e outros elementos que puidese ter empregado durante a súa estancia na biblioteca. Para iso, utilizará o produto en spray e as follas de celulosa á súa disposición.

3. Ventilación: **cada profesor** que faga uso da biblioteca, abrirá as ventás para **ventilar durante 10 minutos ao comezo e ao final** do seu tempo na biblioteca. Do mesmo xeito, e mentres as condicións meteorolóxicas así o permitan, as ventás permanecerán abertas o maior tempo posible.

4. Préstamos de libros: o préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual tendo en conta as quendas por grupo. **O material devolto permanecerá en caixas identificadas e illadas como mínimo 24 horas** antes de volver aos andeis.

5. **Non están permitidos os xogos de mesa nin** a participación en **traballos colaborativos** (murais, montaxes, ...) cando isto implique un uso compartido de materiais mentres dure a situación excepcional.

6. Saída ordenada da biblioteca: todas as mesas están identificadas con números, comezando no 1 a mesa máis próxima á porta de saída e progresando na escala numérica segundo aumenta a distancia á porta. Para evitar aglomeracións ao abandonar a biblioteca, **os alumnos levantaránse seguindo o número que identifica a mesa que ocupan e comezando polo 1.**

7. **Á saída da biblioteca, os alumnos hixienizarán as súas mans** facendo uso do dispensador de xel hidroalcohólico. No caso de que haxa alumnos agardando en fila para entraren na biblioteca, a preferencia no uso do dispensador será: primeiro os alumnos que saen da biblioteca, despois por orde de fila, os alumnos que van entrar.

8. Uso das **corticeiras e tableiros** de anuncios: tanto no interior da biblioteca coma na parede do corredor próximo a ela, **só se publicará a información oficial** relativa ao Covid-19, a cartelería subministrada polas Consellerías de Educación e de Sanidade e **a información relativa ao funcionamento da biblioteca** tal e como quendas de alumnos e grupos, horarios, listas de alumnos, calendario de actividades, etc.

9. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento da aulas ordinarias.

Para facilitar a lectura e comprensión deste protocolo por parte do noso alumnado e co obxectivo de facilitar o seu cumprimento, dous resumos destas normas en forma de carteis están colocados ben visibles no lado exterior da porta da biblioteca e dentro da mesma. Este resumo figura neste protocolo como o Anexo I.

Anexo I (páxina seguinte):

Biblioteca

Normas de acceso e uso:

Para entrar:

Comproba que é o día que lle toca ao teu grupo.
Pide ao profe de garda de corredor que te acompañe.
O aforo máximo é de 25 persoas.
Fai fila de 1 en 1 con 1,5 m. de distancia.
Limpa as mans con xel hidroalcohólico.
Teñen preferencia os que saen.
Mascarilla obrigatoria.

Para estar:

Ocupa só os lugares libres.
Non uses os sitios anulados para sentar nin poñer as túas cousas.
Non compartas material nin xogos de mesa.
Se precisas levar ou devolver un libro, avisa ao profe.
Non manipules ventás, persianas, termostatos nin libros nos andeis.

Para saír:

Hixieniza a mesa e a cadeira que ocupaches.
Sae por orde segundo o número da túa mesa.
Limpa as mans con xel ao saír.

Anexo II: Quendas de uso da biblioteca – Alumnado de Primaria:

(esta información poderá subministrarse en canto o profesorado de Infantil e Primaria distribúa os tempos unha vez dispoñan dos horarios dos docentes e dos grupos)

Anexo III: Quendas de uso da biblioteca – Alumnado de Secundaria:

	luns	martes	mércores	xoves	venres
1º recreo	1º ESO A e B	2º ESO A e B	2º ESO C e 3º ESO B	3º ESO A e C	4º ESO A e B
2º recreo	1º ESO A e B	2º ESO A e B	2º ESO C e 3º ESO B	3º ESO A e C	4º ESO A e B